

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (FEAFES GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN E APOIO AOS ENFERMOS MENTAIS E AOS SEUS FAMILIARES E DO PROGRAMA “COIDAMOS DE TI”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa entidade FEAFES Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comezará a contar dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da federación cos seguintes obxectivos:

- Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións, mediante a asistencia a cursos, seminarios e congresos, das materias propias da súa competencia. Tamén está contemplada a posibilidade de realizar un Congreso para os profesionais e as persoas que integran as directivas das asociacións.
- Realización dunha xornada de sensibilización dirixida a pacientes, profesionais e coidadores, nun marco formativo e divulgativo da enfermidade.
- Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen un trastorno mental persistente, a través de distintos medios.
- Mantemento e actualización dos contidos da páxina web da federación, onde se ofertará información útil para os enfermos e familiares en canto a recursos, centros, servizos, coidados, e especialmente da rede de atención a estes enfermos e aos seus familiares proporcionada polas asociacións integradas na federación.
- Mantemento do sistema de información e orientación a usuarios e asociacións, mediante unha atención personalizada a estes pacientes e aos seus familiares, e tamén ás asociacións que integran a federación, mediante apoio técnico e xurídico.
- Ofrecer un servizo de asesoramento xurídico a enfermos e familiares, en temas relacionados coa situación de enfermidade mental na que se atopan estas persoas, tales como

incapacitación legal, nomeamento de titor legal, e outros procesos xudiciais nos que poidan estar inmersos como consecuencia da súa enfermidade.

- Ofrecer un servizo continuado de estadias alternativas de ocio activo, “Programa Coidamos de Ti”, ás persoas con enfermidade mental, que sirva, á súa vez, de alivio da carga asistencial aos seus coidadores non profesionais, cos seguintes obxectivos:

Ofrecer estadias aos usuarios para o caso de urxencias e/ou circunstancias especiais da familia.

- Ofrecer aos usuarios programas personalizados de ocio activo normalizado que potencien a súa autonomía, habilidades sociais e condutas adaptativas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental, que prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura) ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

